



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 18 de febreiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/16002

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Construcións Arquitectónicas

Departamento: Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

Centro: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/16002, as reclamacións presentadas por D^a Carolina Martínez García e por D^a María del Pilar de la Rosa García, e os informes da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 18 de febreiro de 2026, acorda:

- instar novamente á Comisión de selección a que elimine a valoración indebida no punto *1.4 Outras titulacións universitarias relevantes* das licenciaturas xa valoradas no punto *1.1 Expediente académico*. Por tanto, deberá proceder a suprimir os 2 puntos indebidamente sumados nesta sección a D^a Inmaculada Bote Alonso, D. Diego Campos Juanatey, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D. Borja Ramón López Cotelo e D^a Nuria Prieto González e os 0.2 puntos indebidamente sumados a D. Manuel Ruiz Veiga
- instar á Comisión de selección a que elimine a valoración indebida no bloque *IV. Experiencia profesional* dos méritos alegados non xustificadas documentalmente de acordo coas indicacións do anexo I da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno de 7/11/2024). Por tanto, deberá proceder a suprimir a totalidade da puntuación indebidamente asignada a D. Diego Campos Juanatey e D^a Nuria Prieto González e, no caso do candidato D. Borja Ramón López Cotelo, a puntuación indebidamente asignada por un exercicio profesional como arquitecto que non se acredita debidamente
- dar á Comisión de selección un prazo de 5 días hábiles para o envío da nova proposta de provisión e do respectivo Excel que apliquen o sinalado nos puntos anteriores
- facer público este acordo

Lémbrese que as resolucións da Comisión de reclamacións **son vinculantes** (artigo 73.2 da Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario); por isto, caso de ser preciso, tomaranse as medidas pertinentes para garantir a correcta execución dos seus acordos.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández